

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADQUIRE POR 407.777 EUROS UN NOVO TAC PARA O HOSPITAL COMARCAL DA BARBANZA

- A Xunta está a canalizar este ano máis de 60 millóns de fondos europeos Next Generation para a renovación e ampliación de alta tecnoloxía sanitaria
- A adxudicación deste contrato permitirá renovar un equipo que contaba xa con máis de 10 anos de antigüidade

Ribeira, 11 de agosto de 2022.- A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución do proceso de contratación co que adquiriu por 407.777 euros un novo equipo de tomografía axial computerizada (TAC) para o hospital comarcal da Barbanza.

O novo equipo está destinado a renovar tecnoloxía xa dispoñible no hospital pero que xa contaba cunha antigüidade superior aos 10 anos.

Estes investimentos entran dentro dos que está a tramitar a Xunta este ano, por valor de máis de 60 millóns de euros destinados a canalizar os fondos Next Generation da Unión Europea para a renovación de equipamento sanitario. A través deles abordou a renovación dos TACs dos sete hospitais comarcais galegos.

O contrato fixa un prazo de 5 meses para a entrega deste equipamento trala sinatura do contrato, polo que a súa instalación efectuarase ao longo do ano 2023.

Aposta da Xunta polos hospitais comarcais

Esta nova adxudicación demostra tamén a aposta que está a levar a cabo a Xunta polo equipamento dos propios hospitais comarcais. A esta renovación dos TACs súmase á dotación de máis equipamento propio, como os equipos radiocirúrxicos mercados en 2021 cun investimento de 4,3 millóns, dos que sete foron para os hospitais comarcais.

Tamén o ano pasado a Xunta destinou seis millóns de euros para a subministración de ecógrafos para os servizos de radiodiagnóstico e urxencias. Deles, nove distribuíronse nos hospitais comarcais.

Neste plan de renovación e modernización tecnolóxica, a Xunta tamén adxudicou por 1,4 millóns de euros a renovación das lámpadas cirúrxicas dos quirófanos. Nesta licitación están incluídos igualmente os hospitais comarcais.

Saúdos